

**COMUNICADO Nº 244/23**  
**22 DE SETEMBRO DE 2023**

**APRAZAMENTO DO RALLYSPRINT DE PIÑOR 2023 AO MES DE FEBREIRO DE  
2024**

Despois dun encontro entre o Concello de Piñor e a organización do Rallye de Ribeira – Ría de Arousa e ante os posibles inconvintes que podría crear a proximidade de datas entre ambas probas, decidiuse aprazar ao mes de febreiro de 2024 a primeira edición do Rallysprint de Piñor.

Desta forma, o organizador do primeiro Rallysprint de Piñor poderá traballar na súa proba con tempo e o Rallye de Ribeira – Ría de Arousa non se verá perxudicado pola posible perda de participantes na súa proba, derradeira puntuable para o Campionato de Galicia de Rallyes de 2023.

Dende a Federación Galega de Automobilismo queremos agradecer a vontade de entendemento de ambas as dúas partes, que procuraron a mellor das solucións polo ben do deporte.